


RESOLUCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS



RECURSOS E SANCIONES

DEREITO
SOCIAL

REVISTA
GALLEGA
DE

RESOLUCIÓN DO 8 DE NOVEMBRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no:

1. Artigo 1.8 anexo I do R.D. 1.215/97, do 18 de xullo, de disposicións mínimas de Seguridade e Saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, artigo 45 do R.D. 1.495/86 que aproba o Regulamento de Seguridade de Máquinas, en relación co artigo 17 da Lei 31/95 ó producirse un accidente por non ter unha máquina as debidas medidas de protección.

2. Artigos 18.1 e 19 da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais por falta de formación e información ó traballador accidentado sobre o funcionamento da máquina.

Tales infraccións, tipificadas e cualificadas como GRAVES nos artigos 47.16 e 47.8 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose as sancións resultantes en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.100 pesetas por cada unha delas; facendo un total de 500.200 pesetas. Apréciase responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista en virtude do disposto no artigo 42.2 da Lei 31/95.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 02.09.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 500.200 pesetas solidariamente a ámbalas dúas empresas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución as empresas interpuxeron en tempo e forma recurso, no que solicitaban que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimaron máis convenientes o seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: Con respecto ó recurso presentado por “F., S.A.” tense que sinalar que nun principio intenta demostrar que o accidente non se produciu no posto de traballo do operario accidentado; dito extremo non se discute nin se puxo en dúbida en ningún momento, xa que a primeira infracción se fundamenta no feito de non ter as debidas proteccións na máquina, creándose un evidente risco contra a saúde e integridade física dos traballadores, perigo que por outra banda se fixo efectivo.

Tamén se coincide coa empresa no dato de que o traballador se introduciu nunha zona de risco; que incluso dita zona estaba, poderíamos dicir, acoutada, nembargante a empresa recorrente tampouco pode negar que na avaliación de riscos da liña de corte se contempla como acción preventiva a de dispor

resgardos fixos ou outros dispositivos de protección, e que no parte de investigación do accidente elaborado pola propia empresa se indica que había accesibilidade a unha zona de risco de atrapamento.

É precisamente por ditas deficiencias polo que se impón a primeira sanción pois aínda que a conducta do traballador poida cualificarse de imprudente, non chega ó grao de imprudencia temeraria que eximiría á empresa da súa responsabilidade, pois non se pode obviar que o accidente se produciu polo feito de simplemente apoiar o brazo na máquina.

Por outra banda, tampouco négase na resolución de instancia a existencia de certas medidas de protección como poden ser as varandas ou o letreiro de prohibición de entrada coa máquina en funcionamento, pero o risco de produción do accidente con estas medidas simplemente minorou, pero non se fixo desaparecer, minoración que serve para graduar a sanción no seu grao mínimo tramo inferior; pero non para que esta se entenda por non cometida.

TERCEIRO: Con respecto ás alegacións da empresa “C.L.R., S.A.” e no referente á primeira infracción e, con respecto á pretendida ausencia de culpabilidade, tense que sinalar que dito concepto en canto relación psicolóxica de causalidade entre o axente e o resultado tipicamente punible non é elemento esencial para a existencia de infraccións sancionables en materia de Seguridade e Hixiene no Traballo, pois o castigado nese ámbito é o mero incumprimento dos preceptos normativos, independentemente de que acaeza un dano efectivo ou unha situación de perigo, pois na orde contencioso-administrativo o elemento voluntarista opera unicamente como elemento agravante; pois aínda que a responsabilidade do empresario non se produce obxectivamente polo feito do accidente laboral, si que se aprecia a través dun previo xuízo de imputabilidade, polo que con independencia das cuasas orixinarias do accidente, se acredita, do exame dos feitos e circunstancias, a culpabilidade empresarial por non ter cubertas tódalas medidas de seguridade e protección esixidas por normas de dereito necesario.

CUARTO: As alegacións aducidas pola recorrente non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que como contrapartida á facultade organizadora da empresa polo seu titular, sobre esta recae a escrupulosa observancia das medidas preventivas na seguridade do traballador, non sendo enervada de tal obriga pola posible imprudencia do traballador. A débeda de seguridade da empresa cos traballadores non se esgota con darlle os medios normais de protección senón que vén ademais obrigada á axeitada vixilancia do cumprimento das súas instrucións que deben ter non só a finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servizo encomendado, senón ademais da prevención das ordinarias imprudencias profesionais (S.T.S. 24.09.96).

Polo anteriormente exposto e dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52 da Lei 8/88, ó non ser esta destruída con proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

QUINTO: Nembargante, deben apreciarse as alegacións das dúas empresas con respecto á falta de formación do traballador, xa que o posto de traballo do mesmo non se atopaba no lugar onde ocorreu o accidente; o paso á máquina atopábase prohibido e as funcións do traballador eran totalmente rutinarias, non puidéndose esixir á empresa unha formación na totalidade da maquinaria que se atopa no centro de traballo.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

ESTIMAR PARCIALMENTE os recursos interpostos por don A.R.M. en representación da empresa “F.M., S.A.” e o interposto por don A.M.M. en representación da empresa “C.L.R., S.L.” contra a Resolución de data 02.09.99 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e impoñer unha sanción de multa de 250.100 ptas. imposta solidariamente a ámbalas dúas empresas de acordo co exposto no corpo desta resolución.

RESOLUCIÓN DO 8 DE NOVEMBRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 3 parágrafo a) da parte C do R.D. 1.627/97 en relación co artigo 19 do Estatuto dos Traballadores ó producirse un accidente dun traballador ó caer polo oco do ascensor que non tiña as debidas medidas de protección.

Tal infracción tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.f) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.001 pesetas. Apréciase responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista en virtude do disposto no artigo 42.2 da Lei 31/95.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en VIGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 02.08.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.001 pesetas solidariamente a ámbalas dúas empresas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa “A.B.T.A., S.L.” interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis convenientes o seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: Non se produce indefensión algunha ante a resolución de instancia para o interesado; pois aínda que a meritada resolución ten unha moi escueta fundamentación a mesma baséase no informe-proposta de resolución emanada da Inspección onde se describen claramente os feitos que levan ó convencemento da existencia de infracción (caída de máis de catro metros, lesións a resultas da caída), e por outra banda se abordan as alegacións referentes á prescrición alegada e á responsabilidade solidaria entre a empresa principal e a contratista.

Por outro lado, con respecto á vulneración do artigo 20,1 do R.D. 928/98 do prazo de dez días para dictar resolución dende a finalización do expediente, tense que indicar que a data do 07.06.99, alegada polo recorrente é a data de saída do Informe das dependencias da Inspección de Traballo, polo que non se pode tomar como data “a quo” para comeza-lo cómputo do prazo; pero aínda que así fose dito defecto formal non causaría indefensión algunha no administrado, xa que a pesar de dito defecto puido, e efectivamente así o fixo, exercitar tódolos medios de defensa previstos legalmente.

TERCEIRO: Tampouco pode admitirse o alegado polo que a presunción de certeza das actas da Inspección se condiciona pola directa presenza do Inspector no momento de ocorrer o accidente ou feito que motive a súa actuación, ó non existir base algunha positiva que autorice tal suposta existencia; e tendo

en conta, a maior abundamento, que a amplitude de medios que se poñen ó alcance do Inspector permite que estea actuando “a posteriori” dun suceso imprevisible, formando a súa propia convicción, a través das dilixencias que se practiquen, que encadrará dentro das normas laborais que deben ser cumpridas, realizando, en tal caso, as súas funcións co mesmo alcance legal que cando por vista directa comproba un motivo de responsabilidade sancionable.

CUARTO: O artigo 42.2 da Lei 31/95 establece a responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista, polo incumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos, ó producirse a infracción no centro de traballo da empresa principal, de tal xeito que o titular do centro ten obrigas en relación a tódolos traballadores que no mesmo presten servicios, aínda que o fagan para outro empresario (ademais dos que cada empresario ten sobre os seus) vixilando o cumprimento por parte dos contratistas ou subcontratistas da normativa de prevención de riscos, garantindo que o lugar de traballo teña as condicións que o ordenamento esixe. Do que se extrae a responsabilidade das dúas empresas, tanto contratista como subcontratista.

QUINTO: Por outro lado, e ós meros efectos de información comunícaselle á empresa recorrente que o importe da sanción xa se fixo efectivo en data do 09.09.99 pola responsable solidaria “C.A., S.L.”.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.L.B.P. en representación da empresa “A.B.T.A., S.L.” contra a Resolución de data 02.08.99 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en VIGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.001 ptas. imposta solidariamente coa empresa “C.A., S.L.”.

RESOLUCIÓN DO 8 DE NOVIEMBRE DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no anexo IV, C, 12.b) do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, e artigo 192 da Ordenanza Laboral da Construcción (O.M. 28.08.70) en relación cos artigos 14 e 15 da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais ó producirse un accidente pola ausencia de medidas de seguridade perimetrais cando estas resultaban necesarias.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.f) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, proponéndose a imposición dunha multa de 250.100 pesetas. Apréciase responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista en virtude do disposto no artigo 42.2 da Lei 31/95.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 25.08.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.100 pesetas solidariamente a ámbalas dúas empresas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución as empresas interpuxeron en tempo e forma recurso, no que solicitaban que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimaron máis convenientes o seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: Con respecto ó recurso presentado por “S.C.S., S.A.” a empresa volta a reiterar o carácter convencional e non normativo dos preceptos da Ordenanza Laboral da Construcción (O.M. 28.08.70), ante dita aseveración tense que reincidir no xa exposto na resolución de instancia no referente á plena vixencia da O.M. do 28.08.70 e a conservación da súa facultade normativa ó abeiro do artigo 82 do R.D.L. 1/95, regulador do Estatuto dos Traballadores.

Por outra banda, o feito de que os traballadores dispuxeran de cinturóns de seguridade non exime de responsabilidade ó empresario posto que como se demostrou non impediron a creación dun risco e posterior consumación do mesmo nun accidente.

TERCEIRO: As alegacións aducidas pola recorrente non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que como contrapartida á facultade organizadora da empresa polo seu titular, sobre esta recae a escrupulosa observancia das medidas preventivas na seguridade do traballador, non sendo enervada de tal obriga pola posible imprudencia do traballador. A débeda de seguridade da empresa cos traballadores non se esgota con darlle os medios normais de protección senón que vén ademais obrigada á axeitada vixilancia do cumprimento das súas instrucións que deben ter non só a finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servicio encomendado, senón ademais da prevención das ordinarias imprudencias profesionais (S.T.S. 24.09.96).

Por outro lado, incluso non se chega, no presente suposto, a apreciar a negligencia do traballador, que soltou o seu cinto porque con el amarrado non podía proseguir o traballo debido á insuficiente lonxitude da correa.

CUARTO: Ante a alegación referente á presuntamente incorrecta gradación da sanción imposta, temos que sinalar que a mesma impúxose dentro dos límites establecidos nos artigos correspondentes da lei substantiva de aplicación, graduándose tendo en conta as circunstancias moduladoras da responsabilidade xa recollidas na acta e que ó longo do procedemento non foron desvirtuadas polo agora recorrente co que a sanción enténdese que é proporcional ás circunstancias e polo tanto procede confirmala na súa totalidade, xa que creou un risco grave que desembocou nun accidente do mesmo tipo; polo que impoñéndose a sanción na súa contía e grao mínimo nada máis hai que engadir ó respecto.

QUINTO: Con referencia ó recurso de “C.L.S., S.L.” tense que sinalar que o artigo 42.2 da Lei 31/95 establece a responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista, polo incumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos, ó producirse a infracción no centro de traballo da empresa principal, de tal xeito que o titular do centro ten obrigas en relación a tódolos traballadores que no mesmo presten servicios, aínda que o fagan para outro empresario (ademais dos que cada empresario téñ sobre os seus) vixilando o cumprimento por parte dos contratistas ou subcontratistas da normativa de prevención de riscos, garantindo que o lugar de traballo teña as condicións que o ordenamento esixe.

O feito alegado de que a empresa “S.” comezou os traballos sen permiso da contratista, aparte de ser un feito cando menos insólito, non faría desaparecer a responsabilidade da mesma, pois de acordo co artigo 24.3 da Lei 31/95 existe un deber de vixilancia con respecto ás empresas subcontratistas que en todo caso non se cumpriu.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don F.R.L. en representación da empresa “S. y C.S., S.A.” e o interposto por don J.L.F. en representación da empresa “C.L. y S., S.L.” contra a Resolución de data 25.08.99 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.100 ptas. imposta solidariamente a ámbalas dúas empresas.

RESOLUCIÓN DO 1 DE DECEMBRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos:

1. Artigos 14.1, 15.1.a), c), f) e h) e 17.2 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais en relación co disposto no artigo 4 do Real Decreto 773/97, do 10 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores dos equipos de protección individual, en relación co disposto no art. 11.1.a) do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e puntos 3.b) e 12.b) da parte C do anexo IV da mesma norma e en relación co disposto nos artigos 192 e 193 da Ordenanza Laboral da Construción (O.M. 28.08.70); ó realizárense tarefas en altura sen ningún tipo de protección individual e colectiva.

2. Artigos 14.1 e 15.1.a) e c) da Lei 31/95 en relación cos artigos 10.1.b) e 11.1.a) do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, así como do punto 5.e) da parte C do anexo IV do mesmo Real Decreto e artigos 3 e 4.3 do R.D. 486/97, do 14 de abril, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, así como do punto 9.4º do anexo I do mesmo Regulamento por remisión do anteriormente citado; ó utilizarse unha escaleira para salvar unha altura de 4 metros que non sobresaía o seu punto superior de apoio.

Tales infraccións, tipificadas e cualificadas como GRAVES nos artigos 47.16.f) e 47.16.b) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose as sancións resultantes en grao MÍNIMO graduándose a primeira téndose en conta a gravidade dos danos que puideron producirse, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 750.000 pesetas pola 1ª infracción e 250.001 pesetas pola 2ª infracción; facendo un total de 1.000.001 pesetas.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de LUGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 27.09.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.000.001 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dán aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: A empresa non só está obrigada a poñer a disposición dos traballadores os instrumentos ou medios de seguridade, senón que está obrigada a posibilitar o seu uso, poñendo tódolos medios que ten a súa disposición, non sendo suficiente que dicte ordes xerais para o seu cumprimento, ó esixirse o seu uso efectivo, e polo tanto o mandato só se pode ter cumprido cando se usen as medidas ou medios de protección, podendo a Empresa, chegar ó exercicio da potestade disciplinaria, para acadar o cumprimento das medidas de seguridade, sen que ó anterior obste o que se alegue, que foi a propia vontade do traballador o que motivou o non uso dos elementos de seguridade, pois iso non impide que tamén se poida valorar e declarar que a Empresa incumpriu a súa obriga, pois trátase de dúas obrigas distintas, aínda concorrentes, adoptar e cumprir as medias de seguridade, e dada a natureza e finalidade da norma, só se pode entender cumprida a obriga da Empresa, cando se adoptan e se cumpren as esixencias de seguridade, se usan os medios de protección previstos, e ante esa realidade, a mera alegación da vontade en contra do traballador non adquire transcendencia na orde a non considerar imputable a conducta empresarial; xa que a débeda de seguridade da empresa cos traballadores non se esgota con darlles os medios normais de protección senón que vén ademais obrigada á axeitada vixilancia do contido das súas instrucións que deben ter non só, a finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servizo encomendado, senón ademais da prevención das ordinarias imprudencias profesionais.

A empresa nomea a un encargado de obra e dito encargado vén a ser a representación da empresa no centro de traballo, sen que a deixación das súas funcións poidan exonerar á empresa da responsabilidade e da débeda de seguridade que ten para cos seus operarios; os feitos obxecto de infracción foron comprobados directa e persoalmente pola actuario, feitos éstos que pola súa propia natureza eran susceptibles de ser aprehendidos polo sentido da vista da funcionaria, esto é, constatables de forma directa, sen que se precisase a intermediación doutro soporte probatorio. Como queira que a recorrente tampouco achega ó expediente proba suficiente en contrario que poida destruí-la presunción de certeza e veracidade que ás actas levantadas pola Inspección de Traballo lles atribúe o artigo 52 da Lei 8/88, procede desestimar-lo recurso e confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos; ó non caber dúbida de que as circunstancias relatadas son susceptibles de ser encadradas nos tipos de carácter grave expostos na acta pola potencial perigosidade e magnitude do dano que poderían causar ditas infraccións.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.L.A.M. en representación da empresa “F.E.M., S.L.” contra a Resolución de data 27.09.99 acordada pola Delegación Provincial de LUGO da Consellería de Xustiza, Interior e relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 1.000.001 ptas. imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DO 1 DE DECEMBRO 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 193 e 221 da Ordenanza Laboral da Construcción (O.M. 28.08.70), e artigos 14,15 e 17.2 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, artigo 3 do R.D. 773/97, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual e punto 3.b) da parte C do anexo IV en relación co artigo 11 do R.D. 1.627/97, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción; ó realizárense traballos de encofrado en altura sen ningún tipo de protección colectiva ou individual.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.f) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO modulándose en base á perigosidade da actividade desenvolvida, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 350.000 pesetas.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación provincial de OURENSE da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 13.07.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.001 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: Que as alegacións aducidas pola recorrente non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que os feitos obxecto de infracción foron comprobados directa e persoalmente pola actuario, feitos estes que pola súa propia natureza eran susceptibles de ser aprehendidos polo sentido da vista da funcionaria, isto é, constatables de forma directa, sen que se precisase a intermediación doutro soporte probatorio.

TERCEIRO: Non pode tampouco admitirse o argumento esgrimido sobre o feito de que na resolución de instancia non se incardine o feito denunciado en precepto legal ningún, pois é unha circunstancia coñecida pola empresa e deliberadamente omitida no recurso, que na referida resolución si se fai referencia ós preceptos da Lei 31/95 nos que se tipifica e cualifica a infracción administrativa na que incorreu a empresa.

CUARTO: En canto á alegación do carácter de autónomo do traballador que observou o Inspector realizando tarefas, tense que sinalar que no seu informe-proposta fai constar que o traballador era un falso autónomo, levantando paralelamente acta de infracción dirixida á Seguridade Social; a empresa non aporta proba algunha que desvirtúe os feitos recollidos na acta pola que en base á presunción de veracidade, que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.A. de la I.P. en representación da empresa “M.C., S.L.” contra a Resolución de data 13.07.99 acordada pola Delegación Provincial de OURENSE da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.001 ptas. imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DO 1 DE DECEMBRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 11.1.a), b) e 2 e anexo IV parte C, 3.a) e b) do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, así como artigos 221, 206 e 193 da Ordenanza Laboral da Construcción (O.M. 28.08.70) en relación co risco de caída dun andamio nas obras no centro de traballo da c/... A Coruña.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.f) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 251.000 pesetas. Apréciase responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratistas en virtude do disposto no artigo 42.2 da Lei 31/95.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 15.09.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 251.000 pesetas solidariamente a ámbalas dúas empresas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución as empresas “C.J.C., S.L.” e “C. y A., S.L.” interpuxeron en tempo e forma recurso, no que solicitaban que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimaron máis convenientes o seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: En relación co recurso presentado por “C.J.C., S.L.”, na Acta se descríbese a falta de proteccións individuais e colectivas no traballo realizado por M.L. nun andamio a 12 m. de altura. O risco existe, a gravidade da posible caída non é discutible. A responsabilidade da empresa pola falta de cinto de

seguridade -que non o menciona no recurso- é evidente; en canto ó andamio, debe esixir da principal e subministradora a colocación de protección, ou facelo directamente; a alternativa é interrompe-los traballos, pero nunca poñer ó seu operario en risco grave ou mortal.

Polo exposto, enténdese que non nos atopamos ante un concepto xurídico indeterminado, o risco é concreto e debe ser considerado como grave non sendo necesario para a súa sanción a efectiva produción do mesmo.

TERCEIRO: Con referencia ó recurso presentado por “C. y A., S.L.” na resolución impugnada dáse resposta ó alegado e se xustifícase a improcedencia da proba proposta (apartado 2º dos Fundamentos Xurídicos), porque, dunha parte, a empresa non aporta dato acreditado ningún que probe que había outras empresas con responsabilidade directa na falta de protección do andamio utilizado por M.L., que é o feito sancionado. As demais circunstancias da obra, executores das distintas fases, etc., non teñen relación con este expediente. Non hai outros impugnados aparte dos consignados pola Acta, polo que non se vulnera o dereito de defensa de ningún.

Por outra banda, a proba solicitada foi rexeitada motivadamente no texto de resolución o apartado 3º dos Feitos é un resumo do alegado pola empresa, que non precisa transcripción exacta. A responsabilidade da empresa non ven pola súa actuación directa, senón polo seu carácter de principal.

CUARTO: Con respecto á ausencia do trámite de audiencia temos que indicar que o mesmo soamente é obrigatorio nos casos previstos no artigo 18.2 do R.D. 928/98 (cando o imputado non formulase alegacións) e no caso establecido no artigo 18.4 (cando formuladas alegacións se desprenda das dilixencias practicadas a invocación ou concorrencia de feitos distintos ós reseñados na acta) non sucedendo no presente caso ningún dos dous supostos.

“I.W., S.A.” non formulou alegación ningunha, e a empresa “C.J.C., S.L.” si que o fixo, pero non aportando novos feitos algúns que puidesen variar a imputabilidade da mercantil agora recorrente.

QUINTO. O recorrente confunde o día da visita inspectora co día do termo das actuacións inspectoras, o cal, non é o mesmo xa que dito termo é o consignado como data da acta; téndose polo artigo 8.2 do R.D. 928/98 un prazo de nove meses para a realización de actuacións previas, o cal, non se sobrepasou.

SEXTO: Identifícase ó único traballador afectado pola infracción descrita. A aclaración, no informe posterior, sobre as persoas presentes durante a inspección, non modifican en absoluto a Acta, non engaden nova infracción, non precisan ser rebatidas porque non afectan ó feito causante da Acta.

SÉTIMO: O recorrente alega a falta de requirimento previo por parte da Inspección de Traballo, que ó seu entender tiña que facerse preceptivamente con anterioridade ó levantamento da acta.

Nembargantes, a posibilidade de elaborar o requirimento non constitúe por sí período suspensivo algún que impida o inicio do procedemento sancionador por medio da acta, circunstancia que se deduce do exposto no derradeiro parágrafo do artigo 43.2 da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais, que faculta ó Inspector, en coordinación co punto primeiro, a elaborar a acta no mesmo período de tempo que levanta o requirimento; e incluso levanta-la Acta sen efectuar requirimento.

Polo anteriormente exposto, procede desestimar-lo recurso e confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.M.M.G. en representación da empresa “C.J.C., S.L.” e o interposto por don J.M.M.D. en representación da empresa “C. y A., S.L.” contra a Resolución de data 15.09.99 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 251.000 ptas. imposta ás mesmas, solidariamente coa empresa “I.W., S.A.”.

RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 102 da Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo (O.M. 09.03.71) e artigos 4.2.d) e 19.1 do Estatuto dos Traballadores (R.D.L. 1/95 do 24 de marzo) así como os artigos 14 e 15 da Lei 31/95, do 8 de novembro, en relación co accidente do traballador A.B.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.b) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 251.000 pesetas.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 19.10.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 251.000 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: A empresa centra todo o seu recurso en intentar demostrar que a pretendida falta de formación do traballador accidentado non se axusta á realidade; nembargante o hipotético feito de formación axeitada ou non, non pode constituirse como o feito infractor polo que se levanta a acta, xa que a mesma se centra na vulneración do artigo 47.16.b) da Lei 31/95, que en absoluto baséase na maior ou menor formación dada ós operarios senón no risco grave para a integridade física e saúde dos traballadores pola utilización inadecuada da maquinaria e equipos, risco que no suposto de feito se fixo efectivo con acaecemento do accidente do traballador.

As referencias á formación soamente se fixeron en resposta ás alegacións da empresa, pero a sanción se impón pola produción dun accidente pola permanencia dun traballador na zona de carga así as alegacións aducidas pola recorrente non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que como contrapartida á facultade organizadora da empresa polo seu titular, sobre esta recae a escrupulosa observancia das medidas preventivas na seguridade do traballador, non sendo enervada de tal obriga pola posible imprudencia do traballador. A débeda de seguridade da empresa cos traballadores non se esgota con darlle os medios normais de protección senón que ven ademais obrigada á axeitada vixilancia do cumprimento das súas instrucións que deben ter non só a finalidade de protexer ós traballadores do risco

xenérico que crea ou esixe o servizo encomendado, senón ademais da prevención das ordinarias imprudencias profesionais (S.T.S. 24.09.96).

TERCEIRO: Tampouco pode admitirse o alegado polo que a presunción de certeza das actas da Inspección se condiciona pola directa presenza do Inspector no momento de ocorrer o accidente ou feito que motive a súa actuación, ó non existir base algunha positiva que autorice tal suposta esixencia; e tendo en conta, a maior abundamento, que a amplitude de medios que se poñen ó alcance do Inspector permite que estea actuando “a posteriori” dun suceso imprevisible, formando a súa propia convicción, a través das dilixencias que se practiquen, que encadrará dentro das normas laborais que deben ser cumpridas, realizando, en tal caso, as súas funcións co mesmo alcance legal que cando por vista directa comproba un motivo de responsabilidade sancionable.

Polo anteriormente exposto e dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52 da Lei 8/88, ó non ser esta destruída con proba suficiente en contrario e estimando e axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.O.V. en representación da empresa “A.S., S.A.” contra a Resolución de data 19.10.99 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 251.000 ptas. imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no:

1. Artigo 3.a), parte C, anexo IV en relación co artigo 11.1.c, ambos do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción; así como o artigo 192 da Ordenanza Laboral da Construción (O.M. 28.08.70), ó non gardarse as medidas colectivas de seguridade oportunas nunha torre de calefacción e aire acondicionado.

2. Artigo 3.a), parte C, anexo IV, en relación co artigo 11.1.c do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción, así como o artigo 187 da Ordenanza Laboral da Construción (O.M. 28.08.70), ó utilizarse unha escaleira sen as debidas medidas de seguridade para acceder á anterior torre.

Tales infraccións, tipificadas e cualificadas como GRAVE e LEVE nos artigos 47.16.f) e 46.4 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose as sancións resultantes en grao MÍNIMO a 1ª e MÁXIMO a 2ª pola perigosidade inherente á actividade e á gravidade dos danos que puideron producirse por caída de altura, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.001 pesetas pola 1ª Infracción e 100.001 pesetas pola 2ª Infracción;

facendo un total de 350.002 pesetas. Apréciase responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista en virtude do disposto no artigo 42.2 da Lei 31/95.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en VIGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 24.08.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 350.002 pesetas solidariamente a ámbalas dúas empresas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa “J.B.L.” interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis convenientes o seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: Que as alegacións aducidas pola recorrente non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que os feitos obxecto de infracción foron comprobados directa e persoalmente pola actuaria, feitos estes que pola súa propia natureza eran susceptibles de ser aprehendidos polo sentido da vista da funcionaria, isto é, constatable de forma directa, sen que se precisase a intermediación doutro soporte probatorio. Como queira que a recorrente tampouco achega ó expediente proba suficiente en contrario que poida destruí-la presunción de certeza e veracidade que ás actas levantadas pola Inspección de Traballo lles atribúe ó artigo 52 da Lei 8/88, procede desestimar-lo recurso e confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

TERCEIRO: Con respecto á segunda infracción o recorrente recoñece, e non pode obviar a súa responsabilidade aínda que a construción da escaleira non lle corresponda, pois o artigo 42.2 da Lei 31/95 establece a responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista, polo incumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos, ó producirse a infracción no centro de traballo da empresa principal, de tal xeito que o titular do centro ten obrigas en relación a tódolos traballadores que no mesmo presten servizos, aínda que o fagan para outro empresario (ademais dos que cada empresario téñ sobre os seus) vixilando o cumprimento por parte dos contratistas ou subcontratistas da normativa de prevención de riscos, garantindo que o lugar de traballo teña as condicións que o ordenamento esixe; sendo que levantada a acta tamén á empresa contratista principal observamos que non existe falta de imputabilidade ningunha.

Polo anteriormente exposto, procede desestimar-lo recurso e confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.B.L. en representación da empresa do mesmo nome contra a Resolución de data 24.08.99 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en VIGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 350.002 ptas. imposta solidariamente coa empresa “H.C.I., S.A.”.

RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 3.a) da parte C do anexo IV do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, artigo 187 da Ordenanza Laboral da Construcción (O.M. 28.08.70); Artigos 3 e 9 dos anexos I, III e IV do R.D. 773/97, do 30 de maio, en relación co risco de caída nunha obra na praia de... (Miño).

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.100 pesetas. Apréciase responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista en virtude do disposto no artigo 42.2 da Lei 31/95.

SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 26.10.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.100 pesetas solidariamente a ámbalas dúas empresas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa "C.M., S.L." Interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis convenientes o seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: Non pode compartirse coa empresa recorrente a argumentación de que o Inspector acepte como feito indubitado a colocación e posterior retirada puntual das preceptivas proteccións colectivas; o único que se di é que aínda que admitida hipoteticamente a existencia de ditas proteccións nun principio, os traballadores da empresa ante a súa desaparición non tiñan as necesarias proteccións individuais.

TERCEIRO: Por outra banda, a empresa non só está obrigada a poñer a disposición dos traballadores os instrumentos ou medios de seguridade, senón que está obrigada a posibilitar o seu uso, poñendo tódolos medios que ten a súa disposición, non sendo suficiente que dicte ordes xerais para o seu cumprimento, ó esixirse o seu uso efectivo, e polo tanto o mandato só se pode ter cumprido cando se usen as medidas ou medios de protección, podendo a Empresa, chegar ó exercicio da potestade disciplinaria, para acadar o cumprimento das medidas de seguridade, sen que ó anterior obste o que se alegue, que foi a propia vontade do traballador o que motivou o non uso dos elementos de seguridade, pois iso non impide que tamén se poida valorar e declarar que a Empresa incumpriu a súa obriga, pois trátase de dúas obrigas distintas, aínda concorrentes, adoptar e cumprir as medidas de seguridade, e dada a natureza e finalidade da norma, só se pode entender cumprida a obriga da Empresa, cando se adoptan e se cumpren as esixencias de seguridade, se usan os medios de protección previstos, e ante esa realidade, a mera alegación da vontade en contra do traballador non adquire trascendencia na orde a non considerar

imputable a conducta empresarial; xa que a débeda de seguridade da empresa cos traballadores non se esgota con darlles os medios normais de protección senón que vén ademais obrigada á axeitada vixilancia do contido das súas instrucións que deben ter non só, á finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servicio encomendado, senón ademais da prevención das ordinarias imprudencias profesionais.

Polo anteriormente exposto e dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52 da Lei 8/88, ó non ser esta destruída con proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don E.A.G. en representación da empresa “C.M., S.L.” contra a Resolución de data 26.10.99 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.100 ptas. imposta solidariamente coa empresa “J.M.I., C.B.”.

RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 14 e 20 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en relación co disposto nos artigos 3, 4, e 5, anexo I, B e anexo II-2 do R.D. 486/97, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nos lugares de traballo, por canto que o empresario deberá adopta-las medidas necesarias para que a utilización dos lugares de traballo non produza riscos para a Seguridade e Saúde dos traballadores; apreciándose tres infraccións:

1. Falta de limpeza no taller.
2. A escaleira de subida á planta de oficinas ten os chanzos cuarto e sexto carcomidos.
3. Os tres extintores atópanse caducados.

Tales infraccións, tipificadas e cualificadas como LEVES a 1ª e 2ª e GRAVE a 3ª nos artigos 46.1, 46.4 e 47.10 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 25.000 pesetas por cada unha das dúas primeiras infraccións e 250.001 pesetas pola terceira infracción; facendo un total de 300.001 pesetas.

SEGUNDO: Pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en VIGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 20.08.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 300.001 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: Que as alegacións aducidas pola recorrente non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que os feitos obxecto de infracción foron comprobados directa e persoalmente pola actuario, feitos estes que pola súa propia natureza eran susceptibles de ser aprehendidos polo sentido da vista da funcionaria, isto é, constatables de forma directa, sen que se precisase a intermediación doutro soporte probatorio.

TERCEIRO: O alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese, pois no caso dos extintores vén a recoñece-la infracción á normativa aínda que poida que estivesen en bo uso, por iso quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88 do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.R.G. en representación da empresa “T.L.N.V., S.L.” contra a Resolución de data 20.08.99 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en VIGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 300.001 ptas. imposta á mesma.

REGULACIÓN DE EMPREGO

**REVISTA
GALLEGA
DE
DEREITO
SOCIAL**

RESOLUCIÓN DO 16 DE XULLO DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por don J.R.E., en calidade de Secretario de Organización da Federación Provincial de Transportes, Comunicaci3ns e Mar da Un3n Xeral de Traballadores, contra a resoluci3n de data 27.04.99 da Delegaci3n Provincial da Conseller3a de Xustiza, Interior e Relaci3ns Laborais de A Coru3a, e tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- En data 14.04.99 don F.D.L., en calidade de administrador 3nico da empresa “A., S.A.”, presentou na Delegaci3n Provincial da Conseller3a de Xustiza, Interior e Relaci3ns Laborais de A Coru3a, solicitude interesando autorizaci3n para suspender as relaci3ns xur3dico-laborais con sete traballadores integrantes da dotaci3n do buque “X.” durante un per3odo de dous a tres meses, fundamentando dita solicitude nun suposto de forza maior derivado do afundimento do referido buque no porto de... (Portugal) en data 11.03.99; o prazo de tempo de suspensi3n que figura na solicitude presentada, e segundo se refire na mesma, tr3tase dun prazo prudencial ata que se co3enza se o buque pode ser reflotado ou non.

Á referida solicitude a empresa acompa3a diversa documentaci3n, completada esta, logo do requerimento efectuado pola Delegaci3n Provincial en data 16.04.99.

SEGUNDO.- Logo da oportuna tramitaci3n e instrucci3n, a Delegaci3n Provincial de A Coru3a, en data 27.04.99, dictou a resoluci3n que agora se recorre, na que na s3a parte dispositiva, acorda “AUTORIZAR” 3 empresa “A., S.A.” para que proceda 3 SUSPENS3N das relaci3ns xur3dico-laborais con SETE traballadores pertencentes 3 pesqueiro “X.”, que se relacionan na lista adxunta, por causa de forza maior, durante un per3odo de TRES MESES con efectos dente o 11.03.99, data do feito causante, ag3s o per3odo vacacional”.

Dito pronunciamiento fundam3ntase nos razoamentos recollidos no seu FUNDAMENTO SEGUNDO no que textualmente se di: “Que das actuacións practicadas no presente expediente const3tase a existencia da FORZA MAIOR alegada pola empresa, polo que se estima procedente acceder 3 petici3n formulada de conformidade co establecido no artigo 51.12 do Real Decreto Lexislativo 1/1995 de 14 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e polo Real Decreto 43/96 de 19 de xaneiro, que aproba o Regulamento dos procedementos de Regulaci3n de Emprego, e isto por canto, como consecuencia do sinistro padecido polo buque “X.”, polo que se ve imposibilitado para continuar a s3a actividade en tanto non se te3a coñecemento exacto da recuperaci3n do buque, xa que a pretensi3n da empresa 3 reanudar a s3a actividade unha vez reparadas as avar3as correspondentes”.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resoluci3n interp3xose en data 07.05.99 o recurso citado no encabezamento, no que tralas consideraci3ns e alegaci3ns que se estimaron pertinentes, 3s que acompa3a diversa documentaci3n en defensa da s3a pretensi3n, solicita se dicte nova Resoluci3n pola que se acorde a suspensi3n da execuci3n da mesama, declar3ndose nula e sen efecto: completado o referido recurso mediante novo escrito presentado na Delegaci3n Provincial de A Coru3a en data 14.05.99.

CUARTO.- Do escrito de recurso as3 como do posterior escrito deuse traslado pola Delegaci3n Provincial 3 empresa afectada, para o efecto de que 3 vista dos mesmos formulara as alegaci3ns que estimara oportunas, evacuando dito tr3mite mediante a presentaci3n do correspondente escrito no que tralas consideraci3ns estimadas pertinentes, solicita se desestime o recurso formulado.

QUINTO.- De conformidade co preceptuado no Art. 114 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 30/1992 do 26 de novembro, do r3xime xur3dico das Administraci3ns P3blicas e do Procedemento Administrativo Com3n, a Delegaci3n Provincial da Conseller3a de Xustiza, Interior e

Relacións Laborais de A Coruña, remitiu a esta Dirección Xeral de Relacións Laborais os escritos de recurso e alegacións, xunto co correspondente expediente, e mailo seu preceptivo informe.

Dita documentación tivo entrada nos Servicios Centrais en data 27.05.99 (nº rexistro de entrada 9.062).

SEXTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84) sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Lexislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- A través do presente expediente queda constatada a existencia da causa de forza maior que motiva o mesmo, dado que na mesma e segundo se constata a través da resolución recorrida, conflúen no presente suposto as notas características dos supostos de forza maior a efectos laborais, isto é un acaecemento extraordinario, orixinado por causas alleas ó propio círculo empresarial ou control da actividade, imprevisto ou previsto pero inevitable. Notas que conflúen no caso que nos ocupa, e que polo demais reconece o recorrente a través do recurso presentado.

Con respecto ás alegacións vertidas a través do recurso ordinario as mesmas constitúen manifestacións acomodaticias ó propio interese de parte que nada proban e que non desvirtúan o acerto da resolución que se recorre, debendo rechazarse as alegacións fundamentadas na declaración de nulidade de pleno dereito do presente expediente ó terse omitido a preceptiva comunicación ó representante legal dos traballadores, xa que en data 09.04.99 dirixiuse carta pola empresa ó mesmo comunicando a intención de promover o expediente, constando copia da mesma no expediente, xunto con certificación emitida por dona P.G.D., Xefa de Explotación Postal e Telegráfica na Xefatura Provincial de Correos e Telégrafos de A Coruña.

Polo demais, con respecto ás alegacións relativas a situación de I.T. dos traballadores don J.V.V., don J.P.A. e don L.F.V.R., as mesmas non varían en nada o contido da resolución de instancia.

Polo exposto, non procede acceder á petición formulada a través do recurso presentado, de declara-la suspensión de resolución de instancia, declarándoa nula e sen efecto, ó non concorrer no presente suposto as circunstancias que darían lugar a dita suspensión, isto é que a execución do mesmo puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, feito este non probado en ningún momento a través do recurso, ou ben que a suspensión se fundamente nunha causa de nulidade de pleno dereito do Art. 62.1 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/99; aínda que, se ben o recurso que nos ocupa trata de se fundamentar nunha destas causas, carece esta fundamentación de virtualidade ningunha, tal e como se expuxo ó principio do presente fundamento.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Acorda

DESESTIMA-LO recurso presentado por don J.R.E., en calidade de Secretario de Organización da Federación Provincial de Transportes, Comunicacions e Mar da Unión Xeral de Traballadores, contra a resolución de data 27.04.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de A Coruña, no expediente de regulación de emprego nº 144/99, promovido pola empresa "A., S.A." e na súa consecuencia CONFIRMA-LA citada Resolución en tódolos seus extremos.

RESOLUCIÓN DO 1 DE SETEMBRO DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por dona M.C.P.V., en calidade de Directora Provincial do Instituto Social da Marina de Lugo, contra a resolución de data 27.04.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e tendo en conta os seguintes:

Feitos

PRIMEIRO: Con data 09.04.99, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, solicitude da empresa arriba referenciada, interesando autorización para proceder á suspensión das relacións xurídico-laborais de 11 traballadores dos 12 que integran a dotación do buque M/P “P.D.N.”, a partir do 1 de maio de 1999, e por un período de tempo estimado dun mes, co obxecto de proceder á realización de diversas obras de reparación da citada embarcación, consistentes na subministración e montaxe de un carrete para aparello de arrastre e instalación dun motor.

A solicitude presentada á empresa acompaña a seguinte documentación:

Copia da escritura de Constitución da Sociedade e Estatutos.

Relación do persoal afectado, especificando as circunstancias persoais e profesionais dos traballadores.

Comunicación dirixida ós traballadores en relación coa tramitación do expediente.

Documento acreditativo de conformidade presentada polos traballadores.

Certificado do taller que efectuará os traballos de reparación.

Copia da solicitude de axudas para a modernización da flota pesqueira de Galicia.

Parte de baixa temporal de don M.S.C., 2º patrón.

Características do buque.

Xustificación e características da obra.

SEGUNDO: Con data 27.04.99 a empresa presentou na Delegación Provincial escrito polo que comunica que as correspondentes obras de reforma, por causas alleas a súa vontade (retraso da empresa subministradora do motor), non terán o seu comezo ata o 08.05.99, modificando a petición inicial e solicitando así a suspensión temporal das relacións laborais desde a referida data, por período de un mes.

Acompaña o devandito escrito diversa documentación entre a que se atopa a certificación do taller encargado de levar a cabo as obras de reparación acreditando o extremo referido.

TERCEIRO: A Delegación Provincial, logo da tramitación e instrucción oportuna e do preceptivo Informe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Lugo, dictou a Resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva resolve: “AUTORIZA-LA suspensión das relacións laborais solicitada por don A.M.B.C., na súa condición de representante do M/P “P.D.N.” ó abeiro dos artigos 11 e 15 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, e á vista do acordo acadado no período de consultas cos 11 traballadores afectados, que integran a dotación do buque, e que figuran na relación que se acompaña á presente resolución, da que forma parte e na que constan os datos persoais e profesionais de cada un deles, polo tempo previsto para realiza-las obras de reparación solicitadas, co límite de un mes que comezará a contar desde o día 8 de maio de 1999 ou da data de desenrole se fose posterior a esta, para o que deberá aportar a esta Delegación e ó Instituto Social da Mariña, certificación da Capitanía Marítima acreditativa de tal extremo, con dereito ó percibo das prestacións por desemprego sempre e cando reúnan os requisitos esixidos de acordo coa normativa vixente.

CUARTO: Contra a antedita Resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento da presente, no que tralas alegacións que se estimaron convenientes en defensa da súa pretensión, solicitase que se declare a nulidade da resolución obxecto de recurso e se proceda á remisión do expediente á Autoridade Xudicial de conformidade co establecido no art. 51.5º do E.T.

QUINTO: De conformidade co preceptuado no artigo 114.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións

Laborais de Lugo, remitiu a esta Dirección Xeral o expediente e mailo seu preceptivo informe, no que textualmente se di: “PRIMEIRO: Que con data 09.04.99 tivo entrada nesta Delegación Provincial escrito formulado por don A.M.B.C., titular do DNI nº..., no nome e representación da entidade mercantil denominada “P.B., S.L.” (M/P. “P.D.N”) en solicitude de suspensión das relacións laborais de 11 traballadores, que integran a dotación do buque, por causas técnicas derivadas da realización de obras de reforma no buque de referencia (subsministro e montaxe de un carrete para aparello de arrastre e instalación do motor), aportando certificación do taller comprensiva dos traballos que hai que realizar e da duración aproximada destes. SEGUNDO: Que, emitido o trámite preceptivo de solicitude de informe á Inspección Provincial, este foi emitido con data 15 de abril de 1999 (registro de entrada de data 20.04.99) en sentido desfavorable á suspensión das relacións laborais ó estimar que as circunstancias alegadas deben de estar previstas dentro da normal actividade empresarial e que non se trata de circunstancias económicas, técnicas, organizativas ou de produción. TERCEIRO: Que, comunicada a incoación do expediente ó Instituto Social da Mariña, de conformidade cos apartados 3 e 5 do artigo 51 do Estatuto dos Traballadores, tivo entrada, con data 19 de abril do ano en curso, escrito da entidade xestora no que, en síntese, manifesta que “...Esta Dirección Provincial, tendo en conta que o citado artigo (art. 51.3 e 5 do E.T.) tamén prevé a petición do informe á Inspección de Traballo e Asuntos Sociais, fai seu o informe que esta emita respecto da existencia ou non de causa motivadora da situación legal de desemprego”. CUARTO: Que, con data 27 de abril de 1999 foi dictada resolución desta Delegación Provincial autorizando a suspensión das relacións laborais solicitada ó considerar suficientemente acreditada a causa alegada polo solicitante, e á vista do acordo acadado no período de consultas cos 11 traballadores afectados, o non apreciarse a existencia de dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do citado acordo. QUINTO: Que, respecto da interposición do recurso dealzada pola directora provincial do Instituto Social da Mariña en Lugo, cabe destaca-lo seguinte:

1. Falta de lexitimación activa para intervir no citado procedemento, de conformidade cos artigos 3 e 4 do R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro, ó establecer expresamente que estarán lexitimados para intervir no procedemento aqueles que teñan a condición de parte interesada que, de conformidade co artigo 3 do citado texto legal, son a empresa e os traballadores.

2. Que, tanto a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social como a citada entidade xestora, son órganos informantes da autoridade laboral, ó abeiro do artigo 51.3 e 5 do R.D. Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, carecendo de virtualidade xurídica o argumento esgrimido polo Instituto Social da Mariña de que, como entidade pagadora das prestacións de desemprego, considérase coa lexitimación suficiente para recorrer, xa que os seus informes carecen de carácter vinculante para a autoridade laboral, que é quen ten a competencia para resolver, logo de petición de tódolos informes que estime oportunos para fundamentala súa resolución, o que xa se tivo en conta á hora de resolve-lo presente expediente, autorizando a medida solicitada ó entender axustada a dereito a petición da empresa.

3. Que, con independencia de que o informe da entidade xestora carece de carácter vinculante para a autoridade laboral, no presente expediente non se emite informe sobre o contido da solicitude, limitándose a adherirse ó que no seu día emita a Inspección de Traballo e Seguridade Social, o que desvirtúa a finalidade e a esencia do propio concepto de informe.

4. Respecto do informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, que se consigna literalmente na resolución, cabe sinalar que se limita a facer unha interpretación do artigo 47.1 do R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, sen constatar persoalmente os feitos alegados pola empresa, aducindo que se trata dun evento derivado da actividade mercantil da empresa, e polo tanto previsible, non obstante esta situación non impide que estemos ante un suposto de paralización do proceso productivo, de carácter coxuntural, e polo tanto encadrable dentro das causas previstas no artigo 47 do texto legal citado e, na súa virtude, que se poidan beneficiar os seus traballadores da situación legal de desemprego tal como prevé o artigo 1 do R.D. 625/1985, de 2 de abril. SEXTO: Que, de conformidade coas alegacións formuladas así como da documentación obrante no expediente, despréndese a concorrencia da causa técnica invocada polo solicitante sen apreciarse a existencia de dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo acadado no período de consultas”.

A devandita documentación foi recibida en Servicios Centrais con data 10.06.99 (nº registro de entrada 9.907).

SEXTO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Legislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: Polo que respecta ás alegacións esgrimidas polo Instituto Social da Mariña, temos que facer constar:

a) Que o feito de que a devandita xestora sexa a que legalmente ten encomendado o aboamento das prestacións por desemprego, no que respecta ós traballadores inscritos no Réxime Especial do Mar, como os afectados, non lle outorga lexitimación activa para recorrer-las resolucións dictadas nos expedientes de regulación de emprego, nos que soamente teñen a devandita lexitimación por disposición expresa dos artigos 3 e 4 do R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro, os que teñan a condición de parte interesada no procedemento, isto é, a da empresa e os traballadores.

A este respecto, polo recorrente, Instituto Social da Mariña, non se cita precepto legal en que ampara-la súa pretendida lexitimación activa, sen dúbida por canto a súa función nos expedientes de Regulación de Emprego é meramente informativa ó mesmo que a Inspección Provincial de Traballo, de conformidade co establecido no citado artigo 51 do Estatuto dos Traballadores.

b) Por outra banda, carecen de virtualidade xurídica as alegacións presentadas polo Instituto Social da Mariña, polo que carece igualmente de fundamento a petición final do devandito recurso na que se solicita: “se declare a nulidade da Resolución obxecto de recurso e se proceda á remisión do expediente á Autoridade Xudicial, de conformidade co establecido no art. 51.5 do Estatuto dos Traballadores”, xa que cando lle foi comunicado no momento procedimental oportuno, de acordo co establecido nos artigos 51.3 e 5 do E.T. e 9 do R.D. 43/96, pola Delegación Provincial á devandita entidade xestora das prestacións por desemprego, a iniciación do expediente de regulación de emprego que nos ocupa, esta limitouse única e exclusivamente a adherirse ó posterior informe da Inspección Provincial de Traballo, non tendo consideración sobre o suposto e causas motivadoras da presentación do presente expediente.

c) Finalmente no recurso que se resolve non se desvirtúa o contido da Resolución obxecto de recurso pola que se autoriza a suspensión das relacións laborais solicitadas baseándose en que: “do conxunto das actuacións resulta acreditada a causa alegada polo solicitante e así, o non se apreciar dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo acadado no período de consultas, procede de conformidade co artigo 51 en relación co 47 do Estatuto dos Traballadores e 11 do R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro, autoriza-la suspensión solicitada”.

É polo que procede desestimar-lo recurso de alzada presentado, e confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Acorda

Desestima-lo recurso presentado por dona M.C.P.V., en calidade de Directora Provincial do Instituto Social da Mariña de Lugo, contra a resolución de data 27.04.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 27/99 promovido pola empresa “P.B., S.L.”, armadora do Buque M/P “P.D.N.”. E, na súa consecuencia, CONFIRMA-LA citada resolución en tódolos seus extremos.

RESOLUCIÓN DO 6 DE SETEMBRO DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por dona S.R.P., en calidade de armadora e propietaria da embarcación M/P “M.D.”, contra a resolución de data 07.05.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e tendo en conta os seguintes:

Feitos

PRIMEIRO: Con data 05.05.99 a empresa enriba referenciada presentou na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, solicitude interesando autorización para suspender temporalmente as relacións xurídico-laborais con tres traballadores dos catro que integran a dotación do buque M/P “M.D.” a partir do 20.04.99 e polo período de tempo aproximado de un mes.

Fundamenta a devandita petición nun suposto de forza maior, ó ser necesario proceder á paralización do buque durante o período referido para levar a cabo as labores de reparación do buque necesarias para subsana-los danos ocasionados polo accidente acaecido en alta mar con outro pesqueiro cando realizaba faenas de pesca.

SEGUNDO: A devandita solicitude, acompáñase a seguinte documentación:

Copia de escritura de compra-venta da embarcación.
 Relación do persoal afectado, especificando as circunstancias persoais e profesionais dos traballadores.
 Comunicación dirixida ós traballadores en relación coa tramitación do expediente.
 Documento acreditativo de conformidade presentado polos traballadores.
 Certificado do taller que efectuará os traballos de reparación.
 Certificación expedida pola Capitanía Marítima.
 Declaración do sinistro presentada na Mutua.

TERCEIRO: A Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, logo da tramitación e instrución oportuna, dictou a Resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva se di textualmente: “RESOLVE: DENEGA-LA suspensión das relacións laborais solicitada por dona S.R.P. na súa condición de titular do M/P “M.D.”, ó estimarse que as causas alegadas polo solicitante deben estar previstas dentro da normal actividade empresarial e, polo tanto, excluídas do ámbito de aplicación do artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e 20 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro”.

O devandito pronunciamento fundaméntase nos razoamentos recollidos no Fundamento Xurídico Segundo, que é do seguinte teor literal: “Que tendo en conta que da documentación obrante no expediente non resulta acreditada a concorrencia da causa invocada polo solicitante ó non atoparse incluído nos supostos previstos na normativa de aplicación, así como que os supostos de reparación ordinarios ou de averías que non teñan a súa orixe nun evento extraordinario e alleo, entran dentro do propio risco empresarial e son consecuencia do desenvolvemento da súa actividade, debendo conceptuarse como causas técnicas ó abeiro dos artigos 47 e 51 do R.D. Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, e do Capítulo II R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que non procede constata-la existencia de “forza maior” como causa para a suspensión das relacións laborais dos afectados, sen prexuízo de que esta puidese proceder por causas técnicas, para o suposto de que así o solicitase a empresa”.

CUARTO: Con data 14.05.99 a empresa comunicou á Delegación Provincial de Lugo a reanudación das faenas de pesca do buque M/P “M.D.” a partir do día 10 de maio de 1999.

QUINTO: Pola empresa, e contra a antedita resolución, formulouse o recurso citado no encabezamento da presente, e no que tralas alegacións que estimou máis convenientes en defensa da súa pretensión e que se dan aquí por reproducidas, solicita se dicte nova Resolución deixando sen efecto a recorrida e se autorice a suspensión das relacións laborais dos traballadores que integran a dotación do buque “M.D.” por existir

causa de forza maior, desde a data de produción do sinistro, segundo a solicitude presentada no seu momento.

SEXTO: De conformidade co preceptuado no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, remitiu o correspondente expediente administrativo e mailo seu preceptivo informe á vista do recurso presentado, informe no que se di textualmente: “PRIMEIRO: Que con data 05.05.99 tivo entrada nesta Delegación Provincial escrito formulado por dona S.R.P. en solicitude de suspensión das relacións laborais de 3 traballadores, dos catro que integran a dotación do buque, por causa de forza maior derivadas da realización de obras de reparación necesarias para subsana-los danos ocasionados polo accidente acaecido en alta mar cando realizaba as faenas de pesca, aportando certificación do taller comprensiva dos traballos que hai que realizar e da duración aproximada destes así como declaración de sinistro remitida á Capitanía de... o 22 de abril de 1999. SEGUNDO: Que, con data 07 de maio de 1999 foi dictada resolución desta Delegación Provincial denegando a solicitude formulada pola empresa ó estimarse que as causas alegadas polo solicitante entran dentro do propio risco empresarial e son consecuencia do desenvolvemento da súa actividade, debendo ser conceptuadas como causas técnicas, non resultando acreditada, de conformidade coa documental aportada no seu día, a existencia doutra circunstancia que puidese conceptuarse como causante dun suposto de forza maior, tendo en conta o carácter restrinxido do seu concepto, e non precisa-lo remolque a porto da embarcación sinistrada. TERCEIRO: Que, non obstante a realidade que non se cuestiona sobre o accidente acaecido, non é de apreciar que exista a causa de forza maior que se invoca posto que, de acordo co que dispón o artigo 1.105 do Código Civil para a súa existencia esíxese a concorrencia dun acontecemento extraordinario, imprevisible e inevitable, esixencias non concorrentes no suposto que nos ocupa ó constituír unha incidencia típica inserta no xiro e tráfico da empresa, no sentido de previsible e mesmo inevitable polo patrón da embarcación no desempeño dilixente das súas funcións. CUARTO: Que o suposto de referencia non é só que non reúna as condicións esixidas para estima-lo como suposto de forza maior senón que, polas súas propias características, atópase inserto na causa tecnolóxica que o propio Estatuto dos Traballadores e o R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro, regula e autoriza.

Polo que antecede, examinado o contido das actuacións e de conformidade coa normativa vixente, este Servicio de Relacións Laborais estima, agás superior criterio desta Dirección Xeral, que á vista da documental aportada en vía de recurso, e de conformidade co artigo 19 do R.D. 43/96, do 19 de xaneiro, que se debería mante-lo criterio da resolución obxecto de recurso”.

A devandita documentación foi recibida en Servicios Centrais, na que tivo entrada con data 23.06.99 (nº rexistro de entrada 10.783).

SÉTIMO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servicios en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Lexislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: Con respecto ás alegacións formuladas ó longo do recurso presentado, non cabe acceder á petición formulada nel no que se solicita que se dicte nova resolución deixando sen efecto a recorrida e se autorice a suspensión da relación laboral dos traballadores integrantes da dotación do buque M/P “M.D.”, e isto porque estas carecen de virtualidade, non podendo prosperar nesta instancia, e non desvirtuando así o acerto da resolución obxecto de recurso, e isto tanto polos razoamentos contidos tanto na Resolución que agora se impugna, como no informe emitido en vía de recurso pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, integramente transcritos os FEITOS TERCEIRO E SEXTO, respectivamente da presente, razóns e criterios compartidos por esta instancia, e que sirven de motivación a esta de conformidade co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Así e polo anteriormente exposto é polo que procede desestima-lo recurso presentado ó non poder darlle favorable acollida ás alegacións esgrimidas en orde á revisión das causas fundamentadoras do expediente do que trae causa e a modificación do contido da resolución dictada pola Delegación Provincial, debendo confirmarse esta en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Acorda

Desestima-lo recurso presentado por dona S.R.P., en calidade de armadora e propietaria do Buque M/P “M.D.”, contra a resolución de data 07.05.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 31/99 promovido por aquela. E, na súa consecuencia, CONFIRMA-LA citada resolución en tódolos seus extremos.

RESOLUCIÓN DO 25 DE XANEIRO DE 2000

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por don V.O.M., en calidade de propietario da embarcación “S.L.”, contra a resolución de data 18.06.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e tendo en conta os seguintes:

Feitos

PRIMEIRO: Con data 07.06.99, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, solicitude de don V.O.M., en calidade de propietario da embarcación “M/P S.L.”, interesando autorización para proceder á suspensión temporal das relacións xurídico-laborais co único traballador integrante da dotación da referida embarcación, don J.L.O.P., desde o 01.06.99 ó 30.06.99, co obxecto de levar a cabo diversas obras de pintado e reparación do casco desta.

Á devandita solicitude, acompáñase a seguinte documentación:

Acta de reunión celebrada en data 27.05.99, na que consta a comunicación ó traballador afectado da solicitude do expediente, así como do inicio do período de consultas e conformidade deste.

Relación do persoal afectado.

Certificación do taller mecánico de reparacións navais “V.V., S.L.” con enderezo na rúa... Vicedo, de data 27.05.99, asinado por don A.I.G. en calidade de Administrador deste.

Certificación do propietario da embarcación da data desde a que o traballador está embarcado.

Copia da certificación de cotizacións relativas ó traballador afectado, expedida pola empresa.

SEGUNDO: Pola Delegación Provincial de Lugo, e de acordo co sinalado no art. 51.3, do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e 9 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, comunicouse o inicio do expediente á entidade xestora da prestación por desemprego (Instituto Social da Mariña) e recabouse o preceptivo Informe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, sendo este último do seguinte teor literal nos seus parágrafos 2º ó 5º: “2º.- A empresa solicita a suspensión do contrato do traballador desde o 1 de xuño de 1999 por un período de trinta días, prazo estimado no informe do taller como de finalización da operación de pintado e reparación do casco. 3º.- A empresa, incomprensiblemente, non especifica cal é a causa, das previstas no art. 47 do Estatuto dos Traballadores,

e na súa virtude solicita a suspensión de relacións laborais, se ben semella desprenderse razóns técnicas ou de forza maior. 4º.- O citado artigo 47 E. T. pfo. 2º do apdo. 1 supedita tal medida suspensiva ó suposto de que da documentación obrante no expediente se desprenda a súa necesidade para superar unha situación de carácter coxuntural na actividade da empresa. 5º.- Se a causa é forza maior, a xurisprudencia ten declarado que deben concorrer-las notas de imprevisibilidade e inevitabilidade, cuestións das que aquí non temos constancia, ó non saber cando e como se produciu a avaría no motor do barco. Ademais, o taller encargado da operación fala de “pintado e reparación do casco”. Así, pois non semella, polos datos que obran no expediente, que esteamos ante un suposto de forza maior, senón ante unha operación de reparación da embarcación que pode ter sido prevista con antelación pola empresa, motivo polo que non se entende xustificada a solicitude de suspensión de contratos da empresa.

TERCEIRO: Así, e logo da oportuna tramitación e instrución do expediente á Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, con data 18.06.99, dictou a resolución que agora se impugna, pola que, na súa parte dispositiva resolve: “DENEGA-LA suspensión da relación laboral solicitada por don V.O.M., na súa condición de titular do M/P “S.L.” ó estimarse que as causas alegadas polo solicitante deben estar previstas dentro da normal actividade empresarial e, polo tanto, excluídas do ámbito de aplicación do artigo 47.1 do Real Decreto Lei 1/1995, do 24 de marzo, e 20 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro”.

O devandito pronunciamento ten o seu fundamento nos razoamentos recollidos no seu FUNDAMENTO TERCEIRO no que textualmente se dí: “Que tendo en conta que con data 29.05.98 foi dictada resolución por esta Delegación polas mesmas causas aducidas pola empresa na súa solicitude, e que do contido das actuacións practicadas non resulta acreditado que a autorización da medida solicitada sexa considerada necesaria para a superación dunha situación de carácter coxuntural da actividade da empresa, considerada, en todo caso, imprescindible para asegura-la continuidade do proceso productivo, xa que as obras que hai que realizar céntranse no mantemento do moto pesqueiro (pintado xeral e reparación do casco), obras de reparación que deben estar previstas dentro da normal actividade empresarial e, polo tanto, non son xustificativas dunha medida de suspensión por causas tecnolóxicas”.

CUARTO: Contra a antedita Resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento, no que tralas consideracións e argumentacións que consideraron máis convenientes en defensa da súa pretensión, solicita que se autorice o correspondente expediente de regulación temporal de emprego, e que se considere ó traballador don J.L.O.P. en situación legal de desemprego desde o 01.06.99 ó 30.06.99.

QUINTO: De conformidade co preceptuado no artigo 114.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, remitiu a esta Dirección Xeral o escrito de recurso, xunto co expediente e mailo seu preceptivo informe, que é do seguinte teor literal nos seus parágrafos CUARTO e QUINTO: “CUARTO: Enténdese que o recurso debe ser desestimado polas seguintes razóns de tipo procedimental: A).- Á vista do recurso formulado despréndese que a empresa trata de introducir vía de recurso de Alzada un novo feito non alegado no escrito rector deste expediente, cal é o cambio de timón, distintos ós motivos alegados “pintado xeral e reparación do casco”; estimándose que non se poden ter en conta novos feitos distintos dos alegados inicialmente cando o recorrente tivo oportunidade de aportalos (art. 112.1 “in fine” da L.R.X.A.P. e do P.A.C.). Con respecto ó documento a que se refire o anterior punto TERCEIRO deste informe, ó versar sobre un feito novo ningunha virtualidade debe ter a súa aportación neste momento. Polo que procedería desestimar-lo recurso. QUINTO: En canto ó fondo do asunto. Tamén procede a desestimación do recurso xa que o único documento aportado pola empresa xunto coa súa solicitude reduciase a un certificado do taller no que se mencionaba como obras levar a cabo “pintado xeral e reparación do casco” obras que deben estar previstas dentro da normal actividade empresarial, e, polo tanto, non poden xustificar unha medida de suspensión por causas tecnolóxicas.

Polo que antecede, examinado o contido das actuacións e de conformidade coa normativa vixente, esta Delegación Provincial estima, agás superior criterio desa Dirección Xeral, que debería ser desestimado o recurso de alzada interposto polo recorrente”.

SEXTO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Lexislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: Con respecto ás alegacións aducidas polo recorrente ó longo do recurso de alzada presentado por el, en ningún caso poden ter favorable acollida nesta instancia, carecendo de entidade xurídica para desvirtuá-lo acerto da resolución obxecto de recurso, e isto tanto polas razóns e criterios recollidos no Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que serviu de fundamento daquela, como polos contidos, mesmamente na devandita resolución así como no informe emitido en vía de recurso pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, de Lugo, transcritos nos FEITOS SEGUNDO, TERCEIRO e QUINTO da presente, razóns e criterios compartidos nesta instancia e que serven de motivación a esta de conformidade co disposto no Art. 89.5º da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro.

Unicamente sinalar que as alegacións presentadas ó longo do recurso, baseadas na necesidade de reparación urxente da embarcación Segunda Lucita, consistentes segundo factura cotexada aportada, na desmontaxe e colocación dun novo timón, nada teñen que ver cos feitos motivadores da solicitude que dean lugar á iniciación do expediente de regulación temporal de emprego, referidas ó pintado xeral e reparación do casco, constituíndo así as devanditas alegacións, feitos novos que nada teñen que ver coa solicitude inicialmente presentada.

Para maior abundamento sinalar mesmo a falta de coincidencia do taller encargado de levar a cabo as reparacións referidas en última instancia, do que se aporta factura, co que expediu a certificación de data 27.05.99 aportada xunto coa solicitude inicial, circunstancias que revelan indicios que fan pensar nunha situación en certa medida buscada con motivo de ampara-la solicitude presentada inicialmente e que nada ten que ver con ela, como xa se referiu.

Así, e polo anteriormente exposto é polo que procede desestimar-lo recurso de alzada presentado, e confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Acorda

Desestima-lo recurso de alzada presentado por don V.O.M., en calidade de propietario da embarcación "M/P S.L.", contra a resolución de data 18.06.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 34/99 promovido por el. E, na súa consecuencia, CONFIRMA-LA citada resolución en tódolos seus extremos.

RESOLUCIÓN DO 25 DE XANEIRO DE 2000

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por don J.V.V., contra a resolución de data 08.09.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, e tendo en conta os seguintes:

Feitos

PRIMEIRO: Con data 02.09.99 don F.D.L., en calidade de Administrador Único da empresa “A., S.A.,” presentou na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña solicitude instando autorización para proceder á extinción das relacións xurídico-laborais con 7 traballadores integrantes da tripulación do buque “X.” por causa de forza maior, derivada do afundimento do referido buque no Porto de... (Portugal) con data 11.03.99, afundimento que xa deu lugar á presentación, en data 14.04.99, de solicitude de expediente de regulación temporal de emprego, mentres se procedía a clarifica-la posibilidade ou non de reflota-lo mencionado buque, solicitude pola que se instou a suspensión das relacións xurídico-laborais da tripulación do buque “X.” por un período de tres meses, autorizada esta medida por resolución de data 27.04.99 (Expediente nº 144/99), da Delegación Provincial da Coruña, sendo prorrogada a devandita autorización por un novo período de tres meses, logo da correspondente solicitude, mediante nova resolución de data 28.06.99 (Expediente nº 153/99), da mesma Delegación.

A solicitude que dá lugar ó presente expediente, á que a empresa acompaña diversa documentación, deriva do feito do que na actualidade ó buque vai ser desguazado, xa que non pode ser reflotado, estando totalmente inutilizado.

SEGUNDO: Logo de tramitación e instrución oportuna, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, con data 08.09.99 dictou a resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva acorda “AUTORIZAR á empresa “A., S.A.,” para que proceda á EXTINCIÓN das relacións xurídico-laborais cos SETE traballadores que se nomean na lista adxunta como tripulantes pertencentes ó buque “X.”, por causa de FORZA MAIOR, con efectos desde o 11.09.99, data na que finaliza a suspensión autorizada no expediente nº 153/99”.

Baséase este pronunciamento nos razoamentos recollidos no seu FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO, unha vez constatadas as causas motivadoras do presente expediente, e que se dan aquí por reproducidos.

TERCEIRO: Contra a resolución referida e por don J.V.V., traballador afectado polo presente expediente, presentouse en tempo e forma o recurso citado no encabezamento. Por medio do que alega o feito de que na citada resolución deberíase recolle-lo dereito dos traballadores a percibir da empresa as remuneracións que legal ou sectorialmente veñan recollidos como consecuencia das secuelas derivadas dos accidentes de traballo sufridos en activo, con especial referencia o Art. 20 do Convenio Colectivo de aplicación na empresa, solicitando así se acorde modifica-la resolución de data 08.09.99, no sentido de incorpora-la reserva expresa dos dereitos recollidos no referido Art. 20, para os traballadores afectados polo afundimento e pendentes de resolución administrativa ou xudicial.

CUARTO: Do escrito de recurso deuse traslado pola Delegación Provincial á empresa, para os efectos de que por esta e á vista deste se formularan as alegacións que estimaran oportunas, emitindo o devandito trámite mediante a presentación do oportuno escrito, no que tralas consideracións e alegacións que se estimaron oportunas solicita a desestimación do recurso presentado.

QUINTO: De acordo co establecido no Art. 114.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, remitiu a esta Dirección Xeral de Relacións Laborais, o escrito de recurso, xunto co correspondente expediente, e mailo seu preceptivo informe.

A devandita documentación tivo entrada nos Servicios Centrais con data 08.09.99 (nº rexistro de entrada 18.776).

SEXTO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Legislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: A única cuestión a que se contrae o recurso de alzada presentado é a solicitude de modificación e incorporación na resolución obxecto de recurso dos dereitos económicos derivados do Art. 20 do Convenio Colectivo de aplicación, para os supostos de accidentes de traballo, solicitude que excede da competencia que lle corresponde á Autoridade Laboral, que nos expedientes de regulación se circunscribe á constatación da causa e no seu caso á correspondente autorización, feitos estes cos que en ningún momento amosa desconformidade o recorrente.

Así, sinalar unicamente que as posibles discrepancias ou reclamacións que xurdan respecto das indemnizacións, tanto as relativas a súa falta de pagamento polo empresario ou a desconformidade no seu establecemento, corresponde o seu coñecemento á xurisdicción social, conforme ó sinalado no Art. 14.2º do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro en relación co Art. 2 da Lei de Procedemento Laboral.

Suposto análogo a petición efectuada a través do recurso presentado relativo ós dereitos económicos que se poidan derivar da aplicación do previsto no concreto Convenio Colectivo, que en ningún caso corresponde ó seu coñecemento a esta instancia.

Polo anteriormente exposto é polo que se debe desestimar o recurso presentado, non procedendo modificar a resolución impugnada, todo isto sen prexuízo das accións legais que procedan e se estimen pertinentes en orde a cuestión controvertida.

Así, vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Acorda

Desestimar o recurso de alzada presentado por don J.V.V. contra a resolución de data 08.09.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 167/99 promovido pola empresa “A., S.A.”. E na súa consecuencia, CONFIRMA-LA citada resolución en tódolos seus extremos.